

Dirección Xeral de Formación Profesional  
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

**MD85PRO01**

# **ANEXOS Acceso a 1º Grao Profesional**

**Centro: Conservatorio Profesional de Danza**

**Curso: 2023-2024**

# Índice

---

1. Información xeral.....	3
2. Probas de acceso a Grao Profesional.....	7
2.1 Especialidade Danza Clásica .....	7
2.2 Especialidade Danza Contemporánea.....	10

## 1. Información Xeral

---

### 1.1. Lexislación

Orde do 13 de maio de 2009 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de danza dispostas no Decreto 204/2007, do 11 de outubro ([http://www.xunta.es/dog/Publicados/2009/20090526/Anuncio202BA\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2009/20090526/Anuncio202BA_gl.html))

DECRETO 204/2007, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza ([http://www.xunta.es/dog/Publicados/2007/20071102/Anuncio4292E\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2007/20071102/Anuncio4292E_gl.pdf))

### 1.2. Aspectos normativos

Para acceder ao primeiro curso do ensinanzas profesionais de danza cumprirá superar unha proba específica de acceso. Mediante esta proba valorarase a madureza, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento as ensinanzas profesionais.

---

### Convocatorias

Segundo a Instrución 7/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a aplicación do calendario do curso 2023/24, *as probas de acceso ao primeiro curso do grao elemental, ao primeiro curso do grao profesional, así como a outros cursos do grao elemental e do grao profesional, desenvolveranse a partir do día 4 de xuño, e de acordo cos calendarios específicos a tal efecto elaborados polos centros educativos.* Se quedasen prazas vacantes nesta primeira convocatoria, os centros poderán solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a autorización para unha convocatoria extraordinaria.

Se un/unha candidato/a opta a máis dunha especialidade, as probas das materias de música serán comúns a todas as especialidades.

Os/as candidatos/as que concorran a máis dunha especialidade aboarán as taxas públicas completas para cada unha delas.

### Admisión

Para acceder a calquera curso do grao profesional das ensinanzas de danza será necesario superar unha proba de acceso para valorar a madureza, aptitudes e coñecementos que os/as aspirantes posúan.

O número máximo de probas de acceso ao grao profesional que poderá realizar cada aspirante é de catro: dúas convocatorias ao primeiro curso e outras dúas convocatorias a calquera outro curso que non sexa o primeiro. Para estes efectos, non serán computadas as probas en que se obtivese a puntuación mínima establecida para o acceso.

### **Matrícula**

Os conservatorios e centros autorizados farán públicos os prazos de matrícula, datas de exame e número de postos escolares vacantes coa suficiente antelación.

Os centros publicarán nos taboleiros de anuncios dos centros os contidos e criterios de avaliación das probas, que serán acordes co proxecto educativo de cada centro.

A inscrición na proba de acceso realizarase para a especialidade ou especialidades polas cales se opte.

### **Aspectos comúns**

As probas serán xulgadas por un tribunal constituído para tal efecto por profesorado do centro designado pola dirección.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Tamén deberán amosar ao tribunal o xustificante de matrícula, se este o requirise.

Os/as aspirantes serán convocados/as para a proba nun único chamamento, e será excluído/a dela quen non compareza, podéndose considerar os casos de forza maior, debidamente xustificados e libremente apreciados polo tribunal, para os efectos dun posterior chamamento. A non asistencia á proba suporá a perda da correspondente convocatoria.

### **Adxudicación de prazos**

Os aspirantes a primeiro de grao profesional poderán matricularse á proba de acceso para cursar a especialidade danza clásica, a especialidade danza contemporánea ou ámbalas dúas especialidades. No caso de que un aspirante supere a proba de acceso en ámbalas dúas especialidades, poderá, en primeira instancia, formalizar a matrícula nunha única especialidade. Unha vez finalizado o primeiro prazo de matrícula abriríase un segundo período para que aqueles aspirantes que superaron as probas en ámbalas dúas especialidades, e por orde de puntuación, poidan matricularse nunha segunda especialidade.

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na proba de danza específica da especialidade a que opta.

Os centros poderán establecer unha lista de espera por orde de puntuación acadada co obxecto decubrir posibles baixas.

A obtención dunha das prazas ofertadas dá dereito a posto escolar para o curso académico no centro en que se realizou a proba de acceso.

O alumnado que unha vez superada a proba nun centro solicitase posto escolar noutro por traslado de matrícula viva, non terá que realizar novamente a proba de acceso no centro de destino. Neste caso o/a alumno/a deberá estar matriculado/a no centro de orixe para poder formalizar un traslado de matrícula viva.

### **Cualificacións**

As cualificacións obtidas nestas probas consignaranse nas actas correspondentes, que deberán facerse públicas no taboleiro de anuncios do centro. A Administración educativa, no exercicio das súas competencias, poderá efectuar un seguimento e supervisión da realización das probas de acceso.

### **Procedemento para a reclamación**

Co fin de garantir o dereito dos/das aspirantes a que o seu rendemento sexa avaliado conforme criterios obxectivos, o interesado ou interesada ou os seus representantes legais poderán reclamar ante a dirección do centro, nun prazo de cinco días naturais, contra as cualificacións da proba de acceso, cando consideren que a cualificación se outorgou sen a obxectividade requirida debido a:

- a. Inadecuación da proba proposta en relación cos contidos establecidos polo centro para esta.
- b. Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos polo centro.

No suposto de reclamación contra as cualificacións da proba de acceso, a directora do centro, antes da súa resolución, someteraa ao tribunal correspondente, que poderá ratificarse na cualificación outorgada ou estimar a procedencia de rectificar a cualificación reclamada.

No suposto de que a reclamación sexa desestimada, o interesado ou interesada poderá instar no prazo de dous días hábiles para que a dirección remita o expediente ao departamento territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que, logo do informe do servizo provincial de inspección educativa, ditará a resolución procedente.

Co obxecto de evitar atrasos na resolución das reclamacións que puidesen prexudicar os/as interesados/as, deberán observarse os seguintes prazos:

- a. A directora deberá resolver a reclamación presentada no prazo de cinco días naturais.
- b. No caso de ter que enviar o expediente ao departamento territorial, tramitarase no prazo de dous días.
- c. A xefatura do departamento territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade solicitará o informe do servizo provincial da inspección educativa e resolverá no prazo máximo de 10 días naturais desde a entrada do expediente no departamento territorial. Esta resolución porá fin á vía administrativa para a reclamación de cualificacións.

## 2. Probas de acceso ao 1º curso de grao profesional

---

No tribunal de acceso ao primeiro curso, que estará constituído por tres profesores/as do centro, figurarán, cando menos, dous profesores/as da especialidade.

Non poderá formar parte do tribunal de acceso ao primeiro curso o profesorado que durante ese ano académico impartise clase ao alumnado aspirante ás probas, sempre e cando exista no centro, cando menos, outro/a profesor/a da mesma especialidade.

### 2.1. Acceso ao 1º curso de grao profesional da especialidade de danza clásica

Para a especialidade de danza clásica, a proba consistirá en:

- a. Exercicios de danza clásica na barra e no centro. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
- b. Unha danza galega ou de carácter, libremente elixida polo aspirante. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
- c. Un exercicio para valorar as aptitudes musicais das persoas aspirantes, en relación á capacidade rítmica e á escoita activa. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e precisarase unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba será a media ponderada da cualificación obtida nos tres exercicios anteriores. Para estes efectos ponderaranse o 1ª exercicio cun 70 %, o segundo cun 15 % e o terceiro cun 15 %.

Á hora de seleccionar aos aspirantes que se presenten á proba de acceso ao 1º curso terase en conta a madurez, as aptitudes físicas, a idade preferente de doce anos, así como tamén o nivel técnico que amosen nos distintos apartados.

En cada unha das probas poderase pedir, a criterio do tribunal e do profesor que marque a clase, os contidos especificados para a proba de acceso así como calquera dos contidos correspondentes aos cursos previos ao que se pretende acceder.

Os exercicios correspondentes á proba de música serán iguais para todos os/as candidatos/as e para todos os tribunais das distintas especialidades. Non obstante, no caso de que sexa precisa máis dunha sesión, estes exercicios poderán ser distintos.

Os aspirantes deben vir ao centro provisto do seu DNI ou documento acreditativo da súa identidade.

Os aspirantes deberán estar 15 minutos antes do horario marcado, con vestiario de danza clásica ou danza contemporánea (segundo a especialidade que pretendan acceder). [Proba de danza clásica](#)

A proba de danza clásica constará das seguintes partes:

## BARRA

-Exercicios na barra que inclúan pliés e grand pliés en todas as posicións, souplesse en avant e de coté, cambré, tendu en cruz, tendu en cloche, petit developpé, jeté, piqué, jeté encloché, frappé e petit battement, fondu en cruz, développé, enveloppé e grand battement en cruz.

## CENTRO

- Exercicio de tendus con cambios de dirección por 1/8 de xiro, combinado con preparacións de pirueta de 5ª en dehors e en dedans.
- Exercicio de adagio que inclúa temp lié saíndo desde o coupé ou o retiré rematando en posición de tendu, pas de basque en dehors e pas de bourrée en dehors, pasando por coupé.
- Exercicio de vals, que inclúa o paso de vals en face e ao effacé, combinado con tombé pas de bourrée.
- Exercicio de petit allegro, que inclúa sautés nas distintas posicións e changement.
- Exercicio de allegro, que inclúa temps levés, changements, glissade, assemblé e echappé. Chassé sauté en avant e temp levé ao coupé ou ao retiré.



## Proba de música

A Proba de Música, constará de 3 partes:

- a. Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.
- b. Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación
- c. Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.

De estes tres exercicios, da que sairá unha nota final, cualificarase de 0 a 10 puntos, e haberá que obter unha cualificación mínima de 5 puntos para superala

Contidos e criterios de avaliación:

Un exercicio para valorar as aptitudes rítmicas.	-Lectura Rítmica -Ritmos e Percusións -Interpretación Instrumental	40 %
Un exercicio para valorar as aptitudes auditivas e/ou vocais mediante unha proba de audición e de entoación	-Exercicios de Audición. -Recoñecemento Auditivo -Cancións -Entoación -Interpretación vocal	40 %
Un exercicio para valorar os coñecementos teóricos.	-Coñecementos teóricos materia	20 %

## 2.2. Acceso ao 1º curso de grao profesional da especialidade de danza contemporánea

Para a especialidade de danza contemporánea, a proba consistirá en:

- a. Exercicios de danza clásica na barra e no centro, incluíndo secuencias de movementos de danza contemporánea. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
- b. Unha improvisación sobre un fragmento musical se lle dará a coñecer previamente á persoa aspirante. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e precisarase unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
- c. Un exercicio para valorar as aptitudes musicais das persoas aspirantes, en relación á capacidade rítmica e á escoita activa. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.

A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida nos tres exercicios. Para estes efectos, ponderaranse o primeiro (55%) e o segundo (30%) nun total dun 85 %, e o terceiro nun 15 %.

Á hora de seleccionar aos aspirantes que se presenten á proba de acceso ao 1º curso terase en conta a madurez, as aptitudes físicas, así como tamén o nivel técnico que amosen nos distintos apartados.